

## **Anexo IV. PLAN DE CONTINXENCIA AMPLIADO. “CEIP PLURILÍNGÜE SOBRADO-NEBRA” (Revisión 5/11/2020).**

O Plan de Continxencia ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Este documento recolle as actuacións previas a aparición dun abrocho, as actuacións para o período lectivo non presencial, e as medidas a tomar para o reinicio da actividade lectiva presencial, durante o curso 2020-21, as cales poderán ser actualizadas cando os cambios da situación epidemiolóxica así o requiran.

### **CASA**

Si presentas síntomas compatibles con COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, calafríos, dor de garganta, dor de cabeza, debilidade xeral, dores musculares, diarrea ou vómitos) non debes acudir ao centro e tes que contactar co teléfono do teu centro de Atención Primaria e seguir as súas instrucións.

- Non debes acudir ao centro educativo ata que finalice o período de illamento.
- Tampouco podes acudir ao centro se te atopas en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19.
- Se estiveches en contacto estreito (familiares, conviventes e persoas que tivesen contacto co caso, desde 48 horas antes do inicio de síntomas, a unha distancia menor de 2 metros, durante un tempo de polo menos 15 minutos) ou compartiches espazo sen gardar a distancia interpersoal durante máis de 15 minutos cunha persoa afectada polo COVID-19, tampouco debes acudir ao centro educativo. Durante ese período os teus profesionais sanitarios de referencia de Atención Primaria realizarán o seguimento por se aparecen síntomas da enfermidade.

- O alumnado que presenta condicións de saúde que lles fan máis vulnerables ante a COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderán acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e permítalo, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa.
- Se utilizas o transporte público para acudir ao centro educativo, evita as aglomeracións, utiliza máscara e mantén en todo momento a distancia interpersonal de seguridade.

## **ESCOLA**

- É convinte que prepares todo o necesario para as clases de forma que non sexa necesario utilizar material prestado nin compartir obxectos cos teus compañeiros.
- Dirixete á porta de acceso ao recinto preservando unha distancia interpersonal mínima de 1,5 metros tanto con compañeiros como co persoal do centro educativo.
- Posibilita a tarefa á persoa que organiza o acceso ou saída ao centro e colabora con eles para impedir que se formen aglomeracións.
- Le, respecta e cumpre co que aparece reflectido nos carteis informativos sobre hixiene de mans e medidas de prevención colocados no centro.
- Lávate frecuentemente as mans con auga e xabón ou, na súa falta, con xel hidroalcohólico.
- Será obrigatorio vir provisto de máscara hixiénica ou cirúrxica (códigos 064, 065) para todos os alumnos/as que accedan ao centro para clases presenciais e sempre que non se poida asegurar unha distancia interpersonal en todos os espazos do centro, seguindo as recomendacións da autoridade sanitaria vixentes.
- Procura non formar aglomeracións en sitios comúns e mantén os aforos máximos permitidos en cada estancia segundo estableceu o teu centro educativo.

- Evita o acceso ás dependencias do centro que non requiran ser usadas.
- Permanece no centro educativo o tempo imprescindible para a actividade lectiva, debendo abandonalo unha vez que finalice.

## **AULA**

- Accede á aula de maneira ordenada, mantendo a distancia mentres esperas a túa quenda.
- Mantén en todo momento a distancia de seguridade dentro da aula, tanto cos compañeiros como co docente.
- Non compartas obxectos persoais, nin material escolar, como elementos de escritura, calculadoras, etc.
- Debes asegurarche de levar todo o necesario para poder seguir as clases.
- En caso de ser inevitable o compartir algún material, extrema as medidas de hixiene e prevención (hixiene de mans, evitar tocarse nariz, ollos e boca...) e lávache as mans canto antes ou utiliza xel desinfectante.
- Desinfecta os instrumentos ou elementos comúns, que fosen utilizados polo docente ou por algún dos teus compañeiros.
- Se tes clases seguidas, non debes de abandonar a aula no cambio entre clase e clase.
- Ao finalizar a actividade docente, deberás deixar despexada a túa mesa e a túa cadeira da aula, e realizar as tarefas de limpeza e desinfección antes de abandonar a aula.
- Colabora co persoal que organiza a saída e impide que se formen aglomeracións nas portas.

- Ao chegar a casa, recoméndase lavarse as mans con auga e xabón, quitarse os zapatos e, como medida de hixiene, substituíranse por calzado para estar na casa.

## OBXECTIVOS

- Instaurar medidas organizativas eficaces que impidan a aglomeración de persoas e propicien o correcto cumprimento das medidas de seguridade.
- Asegurar que a actividade educativa poida desenvolverse coa maior normalidade posible.
- Posibilitar a detección precoz de casos e xestión adecuada dos mesmos.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

- **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Co fin de disminuír o risco de contaxio no centro educativo, indicáanse os síntomas cós que non deben acudir ao centro os alumnos/as, personal docente e non docente. (ANEXO I).
- Antes de enviar ao centro os alumnos/as, **os pais ou titores legais revisarán si presenta estes síntomas, en particular, tomaránlle a temperatura**. O centro disporá de termómetros que poderán ser empregados para comprobar que o alumnado o membro da comunidade educativa presente febre, xa que xunto con outros síntomas pode indicar unha posible sospeita de infección por COVID-19.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas

como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

- Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. O/A traballador/a que inicie síntomas **debe abandonar o seu posto** de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro. No caso de que **se descarte a enfermidade COVID-19** (ben polos síntomas, ben por unha proba negativa), o neno/a o traballador en cuestión poderá volver ao centro, sempre que o seu estado de saúde o permita.
- No caso en que **se confirme o contaxio** na comunidade educativa, seguiráse o procedemento descrito nas liñas anteriores. Será a **Central de Seguimento de Contactos (CSC)** quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
- **A familia** dun neno/a con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as

recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

- **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

- **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado **realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual** a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente **o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.**
- **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos **períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.**
- **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten

previstas as seguintes **medidas**:

- **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia a través das plataformas ofertadas, email, videochamadas...
- **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.
- **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións pertinentes.
- **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.

### Horario para cada grupo de alumnos do centro.

- 3º y 4º de primaria

| Horario     | Luns             | Martes  | Mércoles  | Xoves   | Venres  |
|-------------|------------------|---|---|---|---|
| 9.20- 10:10 | L. Castelá       | L. Galega                                       | Inglés  | L. Castelá                                      | Cc naturais                                     |
| 10:10-11:00 | Matemáticas      | Inglés  | Titoría   | Matemáticas                                     | Matemáticas                                     |
| 11:00-11:50 | L. Galega        | Ed. Artística                                   | Cc naturais                                     | E.F   | Atención familias                               |
| 11:50-12:20 |                  |   |   |   |   |
| 12:20-13:20 | Cc sociais       | Matemáticas                                     | L. Galega                                       | L. Galega                                       | Cc sociais                                      |
| 13:20-14:20 | Valores/Religión | Traballo individual.<br>Atención "Aula virtual" | Traballo individual.<br>Atención "Aula virtual" | Traballo individual.<br>Atención "Aula virtual" | Traballo individual.<br>Atención "Aula virtual" |

- 5º y 6º de primaria

| Horario     | Luns                 | Martes  | Mércores  | Xoves   | Venres  |
|-------------|----------------------|---|---|---|---|
| 9.20- 10:10 | L. Castelá           | Inglés  | L. Castelá  | Atención<br>"Aula virtual"                            | L. Castelá  |
| 10:10-11:00 | Matemáticas          | Titoría   | Inglés  | L. Galega   | Matemáticas   |
| 11:00-11:50 | L. Galega            | Matemáticas   | Sociais   | Matemáticas   | L. Galega   |
| 11:50-12:20 |                      |   |   |   |   |
| 12:20-13:20 | Valores/<br>Relixión | Ed. Física  | Traballo<br>individual.<br>Atención<br>"Aula virtual" | Natureza  | Traballo<br>individual.<br>Atención<br>"Aula virtual" |
| 13:20-14:20 | Atención<br>familias | Traballo<br>individual.<br>Atención<br>"Aula virtual" | Traballo<br>individual.<br>Atención<br>"Aula virtual" | Traballo<br>individual.<br>Atención<br>"Aula virtual" | Traballo<br>individual.<br>Atención<br>"Aula virtual" |

- O proceso de ensino aprendizaxe, para que sexa efectivo, **necesita do mantemento dunhas rutinas** que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, explicación de conceptos, realización de tarefas, resolución de dúbidas, avaliación do progreso, que ineludiblemente conleva unha estruturación do proceso mediante a organización **dun horario similar** ao desenvolto nunha situación de presencialidade, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais. Para isto cada sesión constará dunha parte onde o profesor explicará, para seguidamente, deixar o tempo estimado para resolver dúbidas e afianzar o explicado.
- O **momento de conexión** se establece a las 9:15 horas .
- Este horario para o docencia a distancia, **de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado**, e referencia para as familias, deberá establecer un orde no **proceso formativo similar** ao ensino presencial, que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o



proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible

- O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo e o alumnado do grupo **deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos**, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao **Plan de Continxencia do centro**.

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais/servizo-de-videoconferencia>

<https://eduxunta.webex.com/webappng/sites/eduxunta/dashboard?siteurl=eduxunta>

[https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/manual\\_usuario\\_webex\\_2020.pdf](https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/manual_usuario_webex_2020.pdf)

- **O/a titor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe**, así como do **control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos**, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica
- A **dirección do centro** requirirá ao final de cada semana unha **relación de actividades que realizou o profesorado** co alumnado no horario establecido.
- Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de **titoría para alumnado**, e unha **sesión de titoría para familias**, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.
- **O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática**, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-

aprendizaxe a distancia.

- **O/a titor/a de cada grupo de alumnado proporcionalle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.**

### **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de realizar modificacións tanto na súa duración como na porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.